

ACTA 2ª DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE APERTURA DE PROPOSIÇÕES DA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DO CONTRATO DE SERVIZOS: ESCOLAS MUSICAIS 2020/2021.

Asistentes:

Presidente: José Luis García García, alcalde.

Vogais:

- Javier Nieves González, secretario.
- Ana Sánchez Fontáns, interventora acctal.
- María Dolores Torrado Ares, técnica de secretaría.

Secretario: Julio Mallo Nieto, informático municipal.

En Brión a 23 de xullo de 2020, sendo as 13,52 horas se procede na Casa do Concello, á apertura das proposicións presentadas optando ao procedemento aberto referenciado.

A Mesa de Contratación, en sesión do 20 de xullo de 2020, acordou solicitar informe técnico do director da escola municipal de música de valoración da documentación incluída no arquivo electrónico do sobre B: Criterios non avaliables en cifras ou porcentaxes (dependentes dun xuízo de valor).

Visto o informe asinado polo director da escola municipal de música con data 21.07.2020, a Mesa de Contratación de conformidade co mesmo, por unanimidade outorga as seguintes puntuacións:

Empresa: BARBATANA S.L.

1. PLANIFICACIÓN	Ata 20,00 puntos
- Metodoloxía de ensinanza.	6,00 puntos.
- Descrición dos medios técnicos empregados.	3,00 puntos.
- Obxectivos específicos para cada disciplina/ actividade.	5,00 puntos.
2. CONTROL E SEGUIMENTO	Ata 20,00 puntos.
- Protocolo de resposta a eventualidades tales como a suspensión de clases, ausencia de profesorado, substitucións puntuais, etc.	10,00 puntos.
3. AVALIACIÓN FINAL	Ata 10,00 puntos.
- Protocolo de introdución de melloras para o próximo ano.	2,00 puntos.

Total puntuación: 26 puntos.

Procédese a continuación á apertura dos arquivos electrónicos dos sobres C: Criterios avaliáveis en cifras ou porcentaxes, dándose o seguinte resultado:

1. BARBATANA S.L. fai unha oferta económica de: 61.978,00 euros, exento de IVE, que representa unha baixa de: 159,60 euros, respecto do orzamento base de licitación.

Realizada a valoración consonte co disposto nos pregos, outorgouse a seguinte puntuación: 50 puntos.

A puntuación total obtida pola empresa pola suma dos criterios de adxudicación dos arquivos electrónicos B e C é a seguinte:

Empresas	Arquivo B-xuízo de valor	Arquivo C-automático	Total
BARBATANA S.L.	26	50,00	76,00

En consecuencia a Mesa de Contratación por unanimidade, acorda:

1º) Propoñer a adxudicación do contrato á empresa BARBATANA S.L., polo prezo de: 61.978,00 euros, exento de IVE, por considerar que fai unha proposición conveniente para o Concello en aplicación dos criterios de adxudicación dos pregos.

2º) Requirir á empresa BARBATANA S.L. para que presente dentro do **prazo de dez días hábiles**, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, por medios electrónicos e con sinatura electrónica, a documentación especificada na **cláusula 27** do prego de cláusulas administrativas particulares, **debendo presentar igualmente na tesourería municipal a garantía definitiva** polo importe do 5% do prezo final ofertado, excluído o IVE, **polo importe de: 3.098,90 euros**, por calquera dos medios a que se refire o art. 108 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Remata o acto sendo as 14,05 horas.

Non formulándose reclamación de ningún tipo, esténdese a presente acta que logo da súa lectura, asina a Mesa de Contratación en proba de conformidade, do que como secretario, certifico.